

UN LIMIAR CON VOCACIÓN DE OBERTURA SINFÓNICA

José Leira López
Profesor de Socioloxía
Universidade da Coruña

*A todos aqueles
que –tolos ou non–
cren ser fillos do trono.*

E ó antigo despacho número 7.

CLAVES EXPLICATIVAS

Atopámonos diante do proceso de construción dunha Unidade Europea, no que se tenta –ó mesmo tempo– un respecto polas distintas culturas que a conforman. O Camiño de Santiago representou un dos eixos fundamentais da cultura medieval europea, e na actualidade encontrámonos cunha realidade socioeconómica completamente distinta e en perpetuo e continuo cambio. A elevada mobilidade xeográfica, o fenómeno sempre aberto do turismo, o imparable avance tecnolóxico, a importancia –cada vez maior– dos medios de información; constitúense en claves que teñen moito que ver co Camiño de Santiago e as peregrinacións. Mudan as estruturas sociais e transfórmanse as persoas, os seus estilos de vida e os seus camiños.

«Aulas no Camiño» que naceu no ano 1995, é un proxecto de investigación e cultural que trata de estudar, dun xeito multidisciplinar, a realidade galega que atravesan as diferentes rotas do Camiño de Santiago. No Códice Calixtino podemos observar unha narración de como estaba composta a sociedade europea e española que percorrían os peregrinos; e fálanos das paisaxes, dos cultivos, da arte, dos costumes e tradicións, das falas, de como eran aquelas poboacións, dos seus modos de vida, da súa organización social e da súa mentalidade. «Aulas no Camiño» pretende estudar –dun xeito científico– a realidade social actual que atravesan os camiñantes que se dirixen a Compostela. Este proxecto desenvólvese dunha forma itinerante (camiñando polas mañás –en etapas de, aproximadamente vinte ou vintecinco quilómetros– e investigando polas tardes. Tódolos concellos atravesados cedéronnos as súas Casas da Cultura para poder expoñer as nosas ponencias, e ó mesmo tempo puidemos contar coa colaboración de distintos cronistas oficiais e de moi diversas persoas que nos fixeron valiosas aportacións sobre as súas respectivas bisbarras.

Presentamos neste terceiro libro de «Aulas no Camiño» que sae á luz, o resultado dos nosos estudos, que se desenvolveron en agosto de 1997 e que se centraron na rota denominada Camiño Portugués. Partimos de Romarigães en Portugal e percorrímos Valença do Minho, Tui, O Porriño, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón para chegar a Santiago de Compostela. Levamos a cabo etapas complementarias, co fin de completar o noso estudio, as zonas de A Guarda, Combarro, Poio, Armenteira, O Grove e Vilagarcía de Arousa.

Nesta investigación pretendimos lograr unha combinación entre os estudos do pasado –que nos achegarían ás claves históricas– e unha análise do presente, que conseguira situarnos ante a realidade latexante de hoxe en día. E isto foi algo que quixemos afrontar desde esa, xa mentada, perspectiva multidisciplinar que integrou ás seguintes áreas de coñecemento: Antropoloxía, Composición Arquitectónica, Filosofía Moral, Historia, Historia da Arte, Lingua Galega, Medicina Física, Socioloxía e Xeografía. Participaron catorce profesores universitarios, especialistas e expertos en diferentes temas e vintecinco alumnos da Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña.

Ademais nesta ocasión houbo un valor engadido, que viña dado porque neste momento histórico o Norte de Portugal e Galicia atópanse física e culturalmente máis vencellados cá en outra época histórica recente. As dúas están inscritas en réximes democráticos e os contactos entre as súas poboacións incrementáronse notablemente. E o Camiño de Santiago é un secular vieiro integrador, ó mesmo tempo que se abren outros camiños para unha maior cooperación cultural, científica e socioeconómica.



É o noso desexo deixar neste limiar un agradecemento a tódalas entidades que fixeron posible que este proxecto se levase a cabo; dun xeito especial á Xunta de Galicia, polo seu patrocinio, ó Concello de Ferrol, ó Ateneo Ferrolán; sen esquecer ó Conselleiro de Cultura, D. Jesús Pérez Varela, e ó alcalde de Ferrol, D. Juan Blanco Rouco, que fixeron con nós unha das etapas. Tamén agradecer o trato exquisito de tódolos alcaldes e autoridades municipais dos concellos que balizan este Camiño, que nos cederon as súas Casas da Cultura para expoñer as nosas ponencias e nos recibiron nos Salóns de Plenos, servindo deste xeito para establecer unhas excelentes relacións institucionais que hoxe en día perduran. Gracias tamén a Asociación de Amigos do Camiño Portugués e ó seu presidente Tino Lores, pola boa disposición que tiveron para co noso Proxecto.

Debemos en xustiza manifestar o apoio e ánimo constante que tivemos por parte das autoridades académicas da Universidade da Coruña. E gracias a tódolos compañeiros –profesores deste curso– polos seus estudos e traballos de investigación que hoxe se ven –en parte– reflectidos neste libro. Agradecer tamén a Rosa Méndez Fonte a súa labor de coordinación de toda a complexa organización que supón montar a infraestrutura dun Curso que se realiza cada día nun concello diferente; do seu bo e intenso traballo non é alleo o éxito deste Proxecto. E por último un sentido agradecemento a tódolos alumnos participantes, por cumprir brillantemente, cada un deles, coa tarefa que tiñan asignada.

Queremos, tamén, referirnos á ilustración da cuberta deste libro: a Capela da Peregrina, de Pontevedra. Escollímola por estar situada no medio do camiño físico que percorreu esta investigación, ó mesmo tempo, que polo seu valor simbólico integrador que ven dado pola súa forma de vieira e os elementos que, relacionados co fenómeno xacobeo, garda no seu interior.

Finalizaremos este apartado do limiar dicindo que este terceiro libro de «Aulas no Camiño» non pecha a nosa investigación. Nos veráns do 98 e do 99 o noso Proxecto centrouse nas investigacións referentes o «Camiño do Norte» e o «Camiño da Vía da Plata e as rotas meridionais a Compostela». Neste momento estamos levando a cabo a recopilación dos estudos realizados para preparar as súas publicacións.

VERBO DOS TRONOS E OS MICROCLIMAS

E vaia tamén unha aclaración á dedicatoria deste libro. Os apóstolos Santiago e Andrés eran chamados os fillos do trono. E o trono sucede instantes despois ó lóstrego porque a velocidade do son é moito menor que a da luz. O lóstrego abre o camiño que instantes máis tarde percorrerá o trono. Os peregrinos e os investigadores somos un pouco fillos dos tronos resultantes duns lóstregos anteriores que sinalaron ou achairaron uns camiños que poden ser cara Compostela ou na busca da explicación científica. Vai pois a todos eles –peregrinos e investigadores– este libro.

Esta dedicatoria está tamén referida ó antigo despacho número 7. Xa sei que pode resultar raro dedicar un libro a un despacho, pero temos as nosas razóns. Os espazos cobran vida propia pola intervención que neles facemos as persoas. E no antigo despacho número 7 convivimos moitas horas os organizadores de Aulas no Camiño e o profesor e amigo Jose Luis Tasset. Alí entre libros e ordenadores escribíronse outros libros e artigos, e tamén poemas. Alí debatéronse temas moi diversos como a sociedade da información, a bioética, os problemas da adolescencia e a xuventude, o patrimonio e a súa xestión, a xenofobia e o racismo. E tamén rimos. E a porta estaba aberta e achegábanse outros profesores e alumnos para falar das paisaxes do Courel, da última novela lida ou da calidade de vida dos nenos (lembras Miguel?). As cidades asolagadas, dona Berenguela e as igrexas románicas flotaban no ar.

E así como en Galicia existen microclimas especiais que fan xerminar as uvas dos nosos mellores viños, ó meu entender no antigo despacho nº 7 creouse un microclima específico e preciso que serviu de caldo de cultivo para o debate sociocultural. Debate sempre aberto á diversidade de puntos de vista, xerados desde distintas –pero complementarias– áreas de coñecemento. Debates libres e democráticos guiados pola cortesía e o bo humor, e presididos pola tolerancia. Por todo iso vai tamén esta dedicatoria ó antigo despacho nº 7, no que te esperamos Victoria.

OBERTURA

E acabamos este limiar cun desexo. Ás doce da noite do 31 do Nadal tanxerá a Berenguela e as súas badaladas espallaranse por Compostela dando entrada o ano 2000. Nada máis lonxe da nosa intención que falar de cambios de século ou de milenio. O que si queremos é manifestar o desexo de que o son da famosa campá sexa a obertura dunha sinfonía na que se escoiten harmoniosamente tódolos instrumentos do Pórtico da Gloria. E que –escoitánda– reflexionemos todos sobre un Camiño que nos leve a conquistar unha sociedade máis xusta e solidaria.